



## **R desprega unha nova tecnoloxía de fibra nos polígonos coruñeses coa que as empresas poderán acadar a velocidade dun Xigabit**

- ***O cambio de tecnoloxía na rede de R beneficia a case 3.000 empresas dos polígonos de Agrela, Marineda, Pocomaco e do Porto da Coruña***
- ***A esta cifra súmanse os traballos de desenvolvemento nos polígonos industriais de Bergondo e Espírito Santo, que lles permiten a case 700 empresas situadas nestas áreas industriais obter unha mellora substancial na velocidade de rede***
- ***Con esta actuación, realizada nos últimos meses de 2020, R dálle resposta ás crecentes necesidades do tecido empresarial coruñés que precisa de axilidade, accesibilidade e seguridade nas súas comunicacións***

**Luns, 22 de febreiro de 2021.-** Case 3.000 empresas das catro áreas industriais da Coruña (Agrela, Marineda, Pocomaco e Porto da Coruña) poden beneficiarse xa das melloras implantadas nos últimos meses pola operadora galega grazas ao despregamento dunha nova tecnoloxía de fibra óptica, que ofrece maior celeridade e seguridade. A estas áreas industriais súmanse, dentro da área metropolitana coruñesa, as iniciativas desenvolvidas en Bergondo e Espírito Santo, onde case 700 empresas puideron comprobar un salto cualitativo na velocidade e calidade da rede de R.

O desenvolvemento desta nova tecnoloxía permítelles ás empresas acadar a velocidade dun Xigabit simétrico por segundo e accesos á rede moito máis estables e homoxéneos.

Este despregamento ten significado un investimento de 0,2 millóns de euros e enmárcase dentro dos plans anuais da compañía para optimizar e mellorar a calidade e potencia da súa rede de fibra, de cara a ofrecer os mellores servizos avanzados, máis aínda se cabe, para as empresas galegas.

## **Apoio ás áreas industriais galegas**

A aposta da operadora galega por este despregamento reflíctese igualmente noutras zonas industriais da comunidade. Así, este eixe de actuación ten permitido ofrecerlles unha mellora destacada de servizo a máis de 9.200 empresas nun total de 24 polígonos empresariais da comunidade galega, 10 deles na provincia da Coruña, nos que se ten implantado a nova tecnoloxía.

Con este cambio, **R** segue demostrando o seu esforzo permanente por estar a carón das empresas de Galicia e por darlles resposta ás súas crecentes necesidades de servizos de telecomunicacións. Especialmente nun momento tan crucial como o que vivimos, onde o uso das redes e as esixencias por manter operativos eses servizos -en moitas ocasións a distancia a través do teletraballo- tense incrementado dun xeito impensable por ninguén hai pouco menos dun ano.

Trátase, en suma, dun intenso traballo global desenvolvido por **R** nos últimos anos para mellorar a cobertura dos seus servizos no territorio galego. A este obxectivo prioritario da operadora deúselle un importante pulo nos últimos meses, en resposta ás devanditas crecentes necesidades da sociedade galega nunha coxuntura tan extraordinaria coma a da pandemia, que ten multiplicado exponencialmente o uso das telecomunicacións nos fogares e empresas a todos os niveis.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)